



GUÍA DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN E INFORME PARA A PROGRESIÓN E CONSOLIDACIÓN DOS PROFESORES COLABORADORES CONTRATADOS POLAS UNIVERSIDADES DO SUG

**(Aprobado por acordo da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e
Acreditación (CGIACA), na súa xuntanza do 23 de maio de 2008)**

Este documento é propiedade da ACSUG. Non está permitida a reprodución total ou parcial, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, sen o permiso previo e por escrito da ACSUG, a cal non poderá ser considerada responsable de eventuais erros ou omisións na edición do documento.

2008

A través da [Orde do 22 de abril de 2008](#), (DOG do 5 de maio de 2008), establécese o procedemento a seguir por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para a emisión do informe previo á prorroga dos contratos das profesoras e profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia, así como para a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos referidos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG.

DESTINATARIOS

Informe previo á prorroga do contrato de profesora ou profesor colaborador:

Todos aqueles que estean contratadas por algunha das universidades públicas de Galicia como profesoras ou profesores colaboradores e se atopen no último ano do período inicial máximo de catro anos de contrato ao que se refire o artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora ou profesor colaborador:

Todos aqueles que tivesen prorrogado o seu contrato como profesoras ou profesores colaboradores por algunha das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

CRITERIOS E BAREMO DE VALORACIÓN

PERÍODO DE VALORACIÓN :

Informe previo á prorroga do contrato de profesora ou profesor colaborador:

Valoraranse unicamente os méritos, alegados polo solicitante, correspondentes á actividade desenvolvida como profesora ou profesor colaborador.

Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora ou profesor colaborador:

Valoraranse unicamente os méritos, alegados polo solicitante, correspondentes á actividade desenvolvida nos dous períodos previos como profesora ou profesor colaborador.

CRITERIOS

1. Actividade docente

- 1.1 Docencia
 - 1.1.a. Docencia Impartida (período de contratado colaborador)
 - 1.1.b. Dirección ou Titorías de proxectos de fin de carreira, grao, másters, etc.
 - 1.1.c. Docencia en máis dun ciclo (se é doutor)
 - 1.1.d. Coordinación da docencia
- 1.2. Avaliación da Actividade Docente

2. Formación e innovación para a docencia

- 2.1. Estadías en centros de formación docente (Mobilidade)
- 2.2. Participación en actividades de innovación docente
 - 2.2.a. Proxectos de innovación docente
 - 2.2.b. Proxectos ou Plans de adaptación ao EEES
 - 2.2.c. Utilización de TICs na docencia (plataformas docentes, guías docentes virtuais, etc.)
- 2.3. Formación docente
 - 2.3.a. Cursos de especialización docente
 - 2.3.b. Cursos de formación docente
- 2.4. Realización de material docente (libros, manuais, webs, etc.)

3. Investigación

- 3.1 Publicacións en artigos
- 3.2. Libros
- 3.3. Participación en proxectos
- 3.4. Participación en congresos de relevancia científica.
- 3.5. Lectura de tese doutoral

4. Xestión

- 4.1. Desempeño de cargos unipersoais

5. Outros méritos

- 5.1. Experiencia profesional en ámbitos non universitarios
- 5.2. Outros méritos

BAREMO

A- Para o **informe previo á prórroga** do contrato de profesora ou profesor colaborador o baremo será o seguinte en cada un dos apartados:

1. Actividad docente: Un máximo de 50 puntos.
2. Formación e innovación para a docencia: Un máximo de 20 puntos.
3. Investigación: Un máximo de 20 puntos.
4. Xestión: Un máximo de 5 puntos.
5. Outros méritos: Un máximo de 5 puntos.

B- Para a **avaliación previa á adquisición do carácter indefinido** do contrato de profesora ou profesor colaborador o baremo será o seguinte en cada un dos apartados:

1. Actividade docente: Un máximo de 65 puntos.
2. Formación didáctica e innovación para a docencia: Un máximo de 35 puntos.
3. Investigación: Un máximo de 40 puntos.
4. Xestión: Un máximo de 5 puntos.
5. Outros méritos: Un máximo de 5 puntos.

C- Para que o resultado final do **informe previo á prórroga** do contrato de profesora ou profesor colaborador sexa favorable deberase obter unha puntuación total de 50 puntos e debendo alcanzar, ademais, un mínimo de 30 puntos no apartado 1 de "Actividade Docente". No caso contrario o informe será desfavorable.

D- Para que o resultado final da **avaliación previa á adquisición do carácter indefinido** do contrato de profesora ou profesor colaborador sexa positivo a puntuación total obtida deberá ser de 75 puntos e debendo alcanzar, ademais, un mínimo de 30 puntos no apartado 1 de "Actividade Docente" así como un mínimo de 5 puntos no apartado 2 de "Formación didáctica e innovación para a docencia". No caso contrario a avaliación será negativa.

Para facilitar o proceso de avaliación dos méritos alegados, desenvolveuse pola CGIACA este baremo de avaliación, establecéndose os valores máximos que se poden chegar a alcanzar por cada mérito individual alegado. Queda ao criterio do avaliador a concreción da puntuación final dentro deste rango, en función da calidade de cada mérito concreto.

Nalgúns caso tamén se indican os valores máximos que poden obterse pola totalidade dos méritos alegados dun mesmo tipo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	Rango máximo por mérito individual	Informe prórroga	Avaliación contratación indefinida
		Máximo	Máximo
Actividade docente		50	65
Docencia			
Docencia Impartida (período de contratado colaborador)	0,5 por crédito/curso		
Dirección ou titorías de PFC, proxecto de grao ou máster	1 por proxecto	5	10
Docencia simultánea en grao e máster (si é doutor)	1/curso	4	8
Coordinación da docencia	0,5 por curso	2	4
Valoración da actividade docente		10	10
Programas de avaliación da actividade docente	10=moi favorable; 5=favorable		
Enquisas de satisfacción dos alumnos	10=Todos >media titulación; 5= 60% > media titulación		
Formación e innovación para a docencia		20	35
Estadías en centros de formación docente (mobilidade) (> 3 meses)	0.5/mes		
Participación en actividades de innovación docente			
Proxectos de innovación docente	2/proxecto		
Proxecto ou plans de adaptación ao EEES	1/proxecto		
Utilización de TICs na docencia	0.5/actividade		
Cursos de especialización docente > 100 horas	2/curso		
Cursos de formación docente recibidos > 30 horas	0.5/curso		
Cursos de formación docente recibidos < 30 horas	0.2/curso		
Realización de material docente (libros, manuais, webs, etc.)	2		
Investigación		20	35
Publicacións en artigos	2/publicación JCR; 1 outras publicacións		
Libros	3/ libros completo 1,5/ capítulo		
Participación en proxectos	1/proxecto		
Participación en congresos (*)	0,2 congreso internacionais 0,1 congresos nacionais		
Lectura de tese de doutoramento	15		
Xestión		5	10
Desempeño de cargos unipersoais	1/ano		
Outros méritos		5	5
Experiencia profesional en ámbitos non universitarios			
Outros méritos			
Total		100	150

Teranse en conta unicamente congresos que se celebren periodicamente por Sociedades e Organismos de ámbito nacional ou internacional. Considerarase un Congreso Internacional cando o Comité Organizador e Científico conte con membros de, polo menos, 3 países.

SOLICITUDES

Modo de presentación e prazo.

A convocatoria para presentar ante a ACSUG as solicitudes de avaliación ou informe para a progresión e consolidación dos profesores colaboradores é aberta. Estas poderán presentarse, unha vez que se cumpran os requisitos, dende o día seguinte ao da publicación no DOG da Orde do 22 de abril de 2008.

As solicitudes cubriranse en formato dixital, ao que se poderá acceder a través do enlace <https://aplicaciones.acsug.es/colaborador/>. Unha vez cuberto o formato dixital, imprimírase e asinarase debidamente.

Feito isto, presentaranse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Documentación que debe acompañar á solicitude:

a) Copia do documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente). No caso de que se remita telemáticamente, non será preciso enviar a copia en papel.

b) *Curriculum vitae* no que se indiquen os méritos individuais que os interesados desexen facer constar, desenvolvidos unicamente durante o período ou períodos contratados como profesoras ou profesores colaboradores, que sexan obxecto de valoración.

O *Curriculum vitae* deberá contar cos seguintes apartados: Datos persoais, actividade docente, formación e innovación para a docencia, investigación, xestión e outros méritos (neste apartado incluírase a experiencia profesional en ámbitos non universitarios). No caso de que se remita telemáticamente, non será preciso enviar a copia en papel.

Para os interesados que o desexen, a ACSUG pon a súa disposición un formato de *Curriculum vitae* que pode ser utilizado e que está dispoñible no enlace <http://www.acsug.es/webs/ficheros/modelocv.doc>.

c) Declaración (que se publica como anexo IV da Orde de 22 de abril de 2008) do solicitante, da veracidade dos datos que figuran no seu currículo, así como dos documentos xustificativos que acompañan ao mesmo, e polo que se asumen as responsabilidades que puidesen derivarse en caso contrario. Unha vez cuberto o formato dixital, imprimírase e asinarase debidamente, xuntándose coa solicitude e a xustificación dos méritos.

Para os interesados que o desexen, a ACSUG pon a súa disposición en formato dixital o Anexo IV na dirección <http://www.acsug.es/webs/ficheros/declaracion.doc>.

A ACSUG solicitará ás Universidades do SUG, a listaxe na que se certifique que os solicitantes cumpren os requisitos correspondentes establecidos no artigo segundo da Orde do 22 de abril de 2008, para poder solicitar a emisión do informe ou avaliación.

Xustificación dos méritos curriculares.

- A docencia universitaria regrada (POD) alegada no CV será solicitada pola ACSUG ás Universidades do SUG, polo que non será preciso xustificala polos solicitantes.
- Igualmente, a ACSUG solicitará as universidades a xustificación dos resultados das enquisas de satisfacción dos alumnos. A presentación das enquisas de satisfacción dos alumnos como mérito a avaliar supón a [autorización expresa](#) dos solicitantes de que as Universidades remitan a ACSUG eses datos.
- Os cursos e másteres recibidos xustificaranse co correspondente certificado no que conste o número de horas dos mesmos.
- Os proxectos de innovación e os proxectos de investigación competitivos deberán xustificarse coa documentación na que conste a súa concesión por parte do organismo pagador, así como as características e o posto ocupado como membro do proxecto e o seu carácter internacional, estatal, autonómico, interuniversitario ou interdepartamental.
- A utilización das TICs e a elaboración de recursos web para a docencia, xustificaranse indicando a URL na que se atopen os recursos, ou por certificado do xestor da plataforma na que conste a utilización do recurso e o responsable do mesmo. No caso de que a URL sexa de acceso restrinxido, xustificarse mediante unha copia impresa da páxina de inicio no que conste o responsable do desenvolvemento da mesma.
- Para acreditar libros, artigos e demais publicacións será suficiente con entregar unha copia simple da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, Depósito Legal, etc. No caso de traballos aceptados e pendentos de publicación xustificarse cun certificado do editor, editorial ou organismo responsable da publicación.
- A lectura de teses de doutoramento xustificarse co título de doutoramento, co certificado da comisión responsable da xestión do terceiro ciclo e postgrao en cada universidade, ou co xustificante de ter efectuado o depósito do título de doutoramento.
- O desempeño de cargos de xestión unipersoais xustificarse co certificado do Secretario Xeral da universidade correspondente, no que conste o cargo e as datas de inicio e finalización.
- A actividade profesional desenvolvida deberase xustificar prioritariamente coa presentación da copia dos correspondentes contratos de traballo e o certificado de vida laboral da Seguridade Social.

De acordo co disposto no artigo 35.f da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no caso de que xa se solicitase a avaliación ou informe regulados pola Orde do 22 de abril de 2008 con anterioridade, non será necesario a presentación da documentación que xa se atope en poder da ACSUG. Neste caso indicárase esta circunstancia na solicitude, facendo referencia ao número de expediente correspondente ás avaliacións ou informes anteriores. En todo caso, os méritos curriculares obtidos con posterioridade a anterior solicitude de avaliación ou informe deberán xustificarse.

RECURSOS

Os acordos do Consello de Dirección esgotan a vía administrativa polo que de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/92 poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os dictou (o Consello de Dirección da ACSUG) ou ser impugnados directamente perante a xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/98, do 13 de xullo.

As interesadas ou interesados que desexen interpoñer un recurso de reposición, contra a resolución dictada pola ACSUG, poderán facelo no prazo dun mes, dende a súa notificación, para o que se pon a súa disposición o correspondente formulario ao que poderán acceder a través do seguinte enlace: <http://www.acsug.es/webs/ficheros/modeloreposicionc.doc>. Estes recursos poderán presentarse a través dos medios indicados polo artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.